

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publican a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación no proceso de actualización das listas de aspirantes para a formalización de nomeamentos temporais en postos de traballo de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro).*

A norma II.4. da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 20 de setembro de 2016 (DOG núm. 188, do 3 de outubro), pola que se regula o procedemento de cobertura temporal de postos de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria, establece que a inscrición das persoas aspirantes nas listas, así como a súa elaboración, se efectuarán consonte o procedemento regulado nos números II.4.1 e II.4.4 da Resolución do 13 de xuño de 2016 pola que se dispón a publicación do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia, publicado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 13 de xuño de 2016 (DOG núm. 123, do 30 de xuño), ou disposición equivalente que o substitúa.

Logo de finalizado o prazo indicado na norma II.4.4 do citado pacto, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar a relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación no proceso de actualización das listas de aspirantes para a formalización de nomeamentos temporais en postos de traballo do persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro), nos colectivos profesionais que se indican a seguir:

1. Clase de inspector/a médico/a.
2. Clase de inspector/a farmacéutico/a.
3. Clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública.



4. Lista xeral de licenciado/a sanitario/a: licenciado/a en Medicina e Cirurxía, licenciado/a en Farmacia, licenciado/a en Ciencias Químicas, licenciado/a en Ciencias Biolóxicas, licenciado/a en Psicoloxía.

5. Clase de subinspector/a sanitario/a.

6. Clase de ATS/DUE.

Segundo. As listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as, coa asignación aos primeiros da puntuación e a orde de prelación provisionais acadadas, atópanse publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Contra a resolución provisional de admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación, as persoas interesadas poderán presentar reclamación, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

As persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de inscrición, non consten como admitidas nin excluídas disporán do mesmo prazo para formularen a súa reclamación.

A aceptación ou o rexeitamento das reclamacións presentadas entenderanse implícitos na resolución desta dirección, que se anunciará no *Diario Oficial de Galicia*, pola que se declaren con carácter definitivo os/as admitidos/as e excluídos/as e que fará públicas, así mesmo, as puntuacións e a orde de prelación definitivas acadadas polas persoas aspirantes, no proceso de actualización.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

